



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Economía Ambiental	Código	610500107	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Gomez, Guillermo	Correo electrónico	guillermo.iglesias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Introdúcense conceptos xerais de Economía para poder comprender a interacción co medio ambiente do sistema económico. Preséntanse as perspectivas microeconómicas e macroeconómicas para o estudo de cuestións medioambientais, dende os fallos de mercado ata o tratamento agregado de problemas globais como o cambio climático. Os paradigmas de sustentabilidade son presentados como referentes de acción social, política e económica. Trátase de xeito xeral a configuración dunha economía circular, tendo presentes marcos de análise como o ciclo de vida. Amósase o rol das políticas públicas medioambientais a través do establecemento de obxectivos, e o emprego de diferentes instrumentos económicos para a súa consecución. Estúdanse, principalmente, os impostos ambientais e os sistemas de negociación de permisos ambientais. No nivel agregado afóndase na necesidade de acordos globais de políticas.</p> <p>Na parte final, danse unhas nocións sobre ferramentas de valoración económica de aspectos ambientais debido a súa importancia para a análise integrada de aspectos ambientais e económicos, para a toma de decisións de política ambiental e tamén para definir o interese de proxectos de carácter ambiental.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Asociar as implicacións económicas dos problemas ambientais, os instrumentos de política económica e os principais indicadores ambientais con criterios de sostibilidade, tanto no sector público como no da empresa privada, de xeito que se contribúa ao desenvolvemento económico, político e social	AM29		
Empregar os conceptos e metodoloxías necesarios para afrontar os retos da transición enerxética e do modelo liñal ao modelo circular da economía.	AM40		
Identificar oportunidades e retos que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social en liña co recollido nos ODS.	AM41		
Transferir o coñecemento obtido aplicando na práctica solucións novedosas e creativas, relacionadas coa protección do medio ambiente, e os retos emerxentes asociados, que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social, adaptado ao entorno social e económico.	AM42		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Economía e Medioambiente	<ul style="list-style-type: none">1.1. Conceptos xerais de Economía1.2. Actividade económica e medioambiente1.3. Aspectos metodolóxicos da análise económica do medioambiente1.4. Economía circular



Tema 2. Política económica medioambiental	2.1. Esquema xeral: obxectivos e instrumentos 2.2. A imposición medioambiental 2.3. Permisos negociables 2.4. Acordos ambientais globais
Tema 3. Valoración económica ambiental e toma de decisións	3.1. Fundamentos básicos: a DAP e a DAC 3.2. Métodos de valoración 3.3. Métodos de decisión multicriterio 3.4. Análise Custo Beneficio (ACB)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A29 A40 A42	4	10	14
Sesión maxistral	A29 A40 A41 A42	10	25	35
Proba obxectiva	A29 A40 A41	3	0	3
Estudo de casos	A29 A40 A41 A42	4	16	20
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Solución de problemas de tipo práctico
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos teóricos básicos do programa da materia. Interacción co estudiantado para complementar a aplicación das demais metodoloxías
Proba obxectiva	Proba de respostas breves sobre o contido teórico da materia e de solución de problemas de aplicación práctica
Estudo de casos	Análise de casos prácticos relacionados cos contidos da materia e de lecturas destinadas á comprensión da materia. Estes estudos incluírán un cuestionario que os alumnos deberán responder en clase ou a través de traballos escritos a entregar e que puntuarán para a calificación final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Estudo de casos Solución de problemas Proba obxectiva	A atención persoalizada ten un carácter integral referida tanto ós contidos teóricos como prácticos da materia. En consecuencia todas as metodoloxías inclúen dita atención persoalizada.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A29 A40 A41 A42	Valorarase a entrega de casos prácticos. Poden ser casos reais ou ficticios, que requirán a lectura e análise de fontes documentais e/ou o emprego de ferramentas prácticas desenvolvidas na aula para enfrontar situacións nas que os aspectos ambientais son relevantes	35
Solución de problemas	A29 A40 A42	Requírese a resolución de exercicios prácticos de carácter numérico	35
Proba obxectiva	A29 A40 A41	Proba teórica e práctica sobre os contidos das sesións maxistrais.	30



Observacións avaliación

Para superar a materia será preciso obter 5 puntos en total, sin que sexa preciso obter nungún mínimo en cada unha das partes con puntuación na avaliación final.

A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

Cualificación de non presentado: Obterán a cualificación de non presentado aqueles alumnos que non participasen na avaliación continua de actividades realizada ao longo do curso en porcentaxe superior ao 20 %.

A avaliación da convocatoria de segunda oportunidade realizarase cos mesmos criterios, e o mesmo aplicárase no caso de convocatorias adiantadas, adaptándose ao calendario establecido pola facultade. En todo caso, poderá acadar o 100% da cualificación.

Para os alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia, agás para as datas aprobadas no que compete a probas obxectivas, para as restantes actividades avaliábeles acordarase, de ser necesario, ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. Está prohibido o acceso á sala de exames con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e / ou o almacenamento de información.

O alumno deberá demostrar a súa personalidade, cando se lle requira, de acordo coa normativa vixente.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, como por exemplo plaxio, implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida nas outras actividades de avaliación da convocatoria. En calquera caso, todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Romero, C. (1993). Teoría de las decisiones multicriterio. Conceptos, técnicas y aplicaciones. Madrid, Alianza Editorial
 - Edwards-Jones, G. et al. (2000). Ecological Economics. Oxford. Blackwell Science
 - Portal, A. et al. (2013). Introducción a las finanzas empresariales. Madrid. Pirámide
 - Munda, G. (2008). Social multi criteria evaluation for a sustainable economy. Berlin. Springer
 - Comisión Europea - DX Política Rexional (2003). Guía del Análisis Costes-Beneficios de los proyectos de inversión. Bruselas, Dirección Xeral de Política Rexional Comisión Europea
 - Pearce, D.W. y Turner, R.K. (1995). Economía de los recursos naturales y del medio ambiente. Madrid. Celeste Ediciones
 - Bioemprende (2011). Guía de valoración económico-financiera de proyectos biotecnológicos. Santiago de Compostela, BIC Galicia
 - Field, B. C. y Field, M.K. (2003). Economía Ambiental. Madrid. McGraw-Hill
 - Labandeira, X; León, C.J. y Vázquez, M.X. (2007). Economía ambiental. Madrid. Pearson Prentice Hall
 - Riera, P. et al. (2008). Manual de Economía Ambiental y de los Recursos Naturales. Madrid, Paraninfo
- Aclaración importante sobre a bibliografía: Ademais dos textos indicados nas referencias bibliográficas básicas, que en maior ou menor medida se utilizarán nas clases teóricas da materia, para o estudo de casos e para os exemplos concretos das clases teóricas, utilizaráanse outros textos procedentes de libros, artigos especializados, informes, e textos legislativos que se proporcionarán ós alumnos para que podan realizar as tarefas propostas en ditos estudos de caso e para seguir as clases expositivas. Podería ademais incorporarse á bibliografía algún novo texto se se considera necesario para poder mellorar a docencia expositiva dos temas publicados no intre de elaborar esta guía docente ou cando o transcorrer das clases requira algunha aportación bibliográfica que non está contida nas referencias básicas.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Recomendacións:1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...).5.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. 8. Promoverase a compatibilidade da actividade académica e deportiva do alumno que teña o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel (DANUDC) ou de deportista de nivel cualificado ou similar facilitándolles procesos como cambios de grupos docentes, horarios ou exames, para os efectos de permitir conciliar a súa aprendizaxe coas súas responsabilidades e actividades deportivas. 9. Todo o material elaborado polo profesorado da materia está suxeito ao dereito da propiedade intelectual. Non se poderá utilizar, baixo ningún concepto, sen a autorización expresa dos seus autores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías